

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 12 de abril de 2007 pola que se autoriza o centro privado Aula Nosa da Coruña para impartir un ciclo formativo de grao medio de xestión administrativa.

Examinado o expediente presentado polo centro privado Aula Nosa da Coruña, no cal solicita autorización para impartir un ciclo formativo de grao medio de xestión administrativa.

Tendo en conta que o expediente foi tramitado pola Delegación Provincial da Coruña, que o remite cos informes correspondentes.

Vistos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio); o Real decreto 1537/2003, do 5 de decembro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas escolares de réxime xeral (BOE do 10 de decembro); o Real decreto 777/1998 (BOE do 8 de maio) polo que se desenvolven determinados aspectos da ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo; a Orde do 21 de decembro de 1999 (DOG do 31 de xaneiro de 2000) pola que se regulan determinados aspectos relativos á autorización de centros privados exclusivos de formación profesional específica; o Decreto 296/1999 (DOG do 18 de novembro) polo que se desenvolven determinados aspectos dos currículos dos ciclos formativos de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia; o Decreto 133/1995, do 10 de maio (DOG do 22 de maio), sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias, e a Orde do 20 de setembro de 1995 (DOG do 15 de decembro) que o desenvolve.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

DISPÓN:

Primeiro.-Autorizar o centro privado Aula Nosa da Coruña para impartir un ciclo formativo de grao medio de xestión administrativa, segundo se especifica no anexo desta orde.

Segundo.-Antes da posta en funcionamento das ensinanzas que se autorizan, a delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, despois do informe da Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que impartirá docencia no devandito centro, así como o equipamento adecuado.

Terceiro.-O centro queda obrigado ao cumprimento da lexislación vixente e a solicitar a oportuna revisión cando teña que modificarse calquera dos datos que sinala a presente orde.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de

reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Provincia: A Coruña.

Localidade: A Coruña.

Concello: A Coruña.

Enderezo: Mosteiro de Caaveiro, 1 baixo.

Código do centro: 15032438.

Denominación: centro privado Aula Nosa.

Titular: *Centro de Ensino Vagalume, S.L.*

Composición resultante:

a) Educación básica de adultos (quenda de mañá e de tarde-noite).

Nivel I: 1 unidade.

Nivel II: 1 unidade.

Nivel III: 2 unidades.

b) Formación profesional específica:

Un ciclo formativo de grao medio de xestión administrativa (unha unidade para 20 alumnos), en quenda de mañá.

Orde do 7 de maio de 2007 pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para o curso 2007/2008.

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, no seu preámbulo afirma a necesidade de que a educación prepare adecuadamente para vivir na nova sociedade do coñecemento e enfrontar os retos derivados do impacto que ten no desenvolvemento social a acelerada evolución da ciencia e a tecnoloxía.

No artigo 1 sinálanse como principios do sistema educativo, entre outros, a calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias, a concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida, e a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así

como aos cambios que experimenta o alumnado e a sociedade.

No relativo aos fins do sistema educativo, a LOE recolle no artigo 2, punto 1º, alínea h) a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, e no punto 2º do mesmo artigo especifica que os poderes públicos prestarán atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza, entre eles a dotación de recursos educativos, o fomento da lectura e o uso de bibliotecas. Máis detalladamente, o artigo 19 sinala que na educación primaria, co fin de fomentar o hábito de lectura, se dedicará un tempo diario a esta; o artigo 26, pola súa parte, sinala como un principio pedagóxico para o ensino secundario obrigatorio, a dedicación dun tempo á lectura na práctica docente de todas as materias, coa mesma finalidade. Polo que respecta ao bacharelato, o artigo 33 da Lei orgánica de educación recolle como obxectivo o afianzamento dos hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

O artigo 113 da LOE fai unha mención específica ás bibliotecas escolares sinalando, entre outras cuestións, que os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar, que estes recursos educativos contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no uso crítico destes, debendo contribuír estas bibliotecas escolares a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura, anteriormente citados. O punto 4º deste artigo sinala que a organización das bibliotecas escolares deberá permitir o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros.

Os reais decretos 1513/2006, do 7 de decembro, e 1631/2006, do 29 de decembro, que desenvolven aspectos curriculares da Lei orgánica de educación, e polo que se establecen as ensinanzas mínimas da educación primaria e secundaria, respectivamente, inclúen unha serie de competencias básicas que o alumnado debe adquirir de forma progresiva. A biblioteca escolar é un factor imprescindible para o logro da competencia en comunicación lingüística, para aprender a aprender, a competencia no tratamento da información, e a competencia cultural e artística, sendo así mesmo un recurso moi útil na adquisición das restantes competencias básicas.

Para lograr a adquisición destas competencias básicas a biblioteca debe organizarse como un centro de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe, de carácter dinámico e en constante actualización. Así entendida, a biblioteca escolar pode ser un recurso estratéxico para a innovación pedagóxica que axude a revitalizar as prácticas educativas e a vida cultural dos centros, proporcionandolle ao profesorado e ao alumnado oportunidade para o emprego de múltiples recursos que permitan unha progresiva autonomía na

aprendizaxe. Serve de canle para a integración nos centros educativos das tecnoloxías da comunicación que a sociedade vai desenvolvendo, e ofrece a posibilidade de acceso igualitario aos bens culturais, independentemente do estrato económico e cultural de procedencia, actuando como axente de compensación social. Devén nun recurso imprescindible para a formación do alumnado nunha sociedade da información que demanda cidadáns dotados de destrezas para a consulta eficaz das distintas fontes informativas, a selección crítica das informacións e a construción autónoma do coñecemento. Resulta, así mesmo, un espazo privilexiado para o achegamento á lectura de textos literarios e informativos, sexa en formato impreso, audiovisual ou multimedia, de forma presencial ou telemática, e para a adquisición paulatina do hábito lector.

A normativa curricular de Galicia recolle a obrigatoriedade de que todos os centros de ensino non universitario elaboren os seus proxectos lectores de centro, que articulen as actuacións de todo o profesorado destinadas á consecución dos obxectivos pedagóxicos referentes á adquisición da competencia lingüística e das habilidades no uso da información, así como á adquisición e consolidación do hábito da lectura. Para a posta en práctica dos proxectos lectores, as bibliotecas son recursos imprescindibles que os centros deben organizar e dinamizar.

Segundo afirma a LOE no seu artigo 112, correspóndelles ás administracións educativas dotar os centros públicos dos medios materiais e humanos necesarios para ofrecer unha educación de calidade e garantir a igualdade de oportunidades na educación.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vén desenvolvendo diversas actuacións para a dotación de fondos documentais, equipamento básico e formación do profesorado, promovendo a existencia de bibliotecas escolares útiles nos centros docentes de niveis non universitarios. Recentemente, e como froito dos acordos asinados co Ministerio de Educación, remitíronse a todos os centros educativos cantidades significativas destinadas á actualización dos fondos das súas bibliotecas.

Avanzando nas intervencións que axuden a facer realidade unha rede de bibliotecas escolares, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca por terceiro ano consecutivo o Plan de mellora de bibliotecas escolares, que se desenvolverá durante o curso 2007/2008, incentivando o deseño e posta en marcha de novos proxectos educativos para a organización e dinamización da biblioteca escolar, e continuando a liña de axudas a aqueles centros xa integrados no programa que, segundo se pode apreciar no seguimento que se leva a cabo e nas memorias preceptivas, están a realizar un traballo coherente e axustado aos compromisos adquiridos, camiñando cara á consolidación destes recursos educativos ao servizo das súas respectivas comunidades escolares. Neste curso 2007/2008 daráselles prioridade ás actuacións destinadas á mellora das bibliotecas de centros de ensino primario.

Por todo o anterior exposto, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Obxecto e destinatarios.

1. Continuar o apoio, mediante a concesión de novas contías, aos centros educativos incluídos no Plan de mellora de bibliotecas escolares en anteriores convocatorias, e que se detallan nos anexos I e II da Orde do 12 de agosto de 2006 (DOG do 8 de setembro), pola que se resolvía a convocatoria do Plan de mellora correspondente ao curso 2006/2007, sempre que a memoria correspondente a este curso sexa valorada positivamente.

2. Seleccionar os novos proxectos participantes no Plan de mellora de bibliotecas escolares que se desenvolverán durante o curso escolar 2007/2008, destinado aos centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

3. Este plan de mellora pretende incentivar e impulsar a elaboración e posta en marcha de proxectos de biblioteca escolar que recollan:

a) A organización, actualización e dinamización da biblioteca de centro, entendida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe.

b) A súa integración nos procesos de ensino e aprendizaxe.

c) A realización de actividades de formación de usuarios e educación en información ou educación documental.

d) O papel da biblioteca escolar na elaboración e desenvolvemento do Proxecto lector de centro.

e) O fomento da lectura.

f) A contribución deste recurso á compensación das desigualdades sociais e á calidade do ensino que se imparte no centro.

g) A dinamización cultural na comunidade escolar.

4. Os centros participantes recibirán formación específica, no contexto do Plan anual de formación do profesorado, e asesoramento a través dos centros de formación e recursos, así como da asesoría de bibliotecas escolares da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dependente da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (Subdirección Xeral de Centros), desde onde se coordinará o plan de mellora e se levará a cabo o seguimento oportuno.

5. Os centros seleccionados recibirán unha achega económica, destinada á actualización dos fondos documentais da biblioteca escolar, á renovación do mobiliario e á adquisición de equipamento audiovisual ou informático, en función da análise das necesidades detalladas no proxecto e unha maior adaptación aos criterios recollidos nesta orde.

Segundo.-Dotación orzamentaria.

As dotacións económicas correspondentes a este plan de mellora realizaranse con cargo ás seguintes

aplicacións dos orzamentos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2007:

1. Centros que xa están integrados no Plan de mellora: por esta epígrafe implementaranse as axudas concedidas aos centros incluídos no Plan de mellora de bibliotecas escolares en anteriores convocatorias, nas seguintes cantidades globais destinadas á súa actualización durante o curso 2007/2008:

a) Centros que foron integrados no Plan de mellora de bibliotecas no curso 2005/2006 (PLAMBE_1):

-Distribuiranse contías para a actualización dos fondos da biblioteca escolar, por un total de 28.000 €, con cargo á partida orzamentaria 09.02.423A.628.1, para efectos de mantemento da colección.

b) Centros que foron integrados no Plan de mellora de bibliotecas no curso 2006/2007 (PLAMBE_2):

-Distribuiranse contías para a actualización dos fondos da biblioteca escolar, por un total de 130.000 €, con cargo á partida orzamentaria 09.02.423A.628.1; para a actualización de equipos informáticos e audiovisuais, un total de 51.000 €, con cargo á partida orzamentaria 09.02.423A.626.1; e para a adquisición de mobiliario, contías por un total de 38.000 €, correspondentes á partida 09.02.423A.625.1, dos orzamentos da consellería para o ano 2007.

-As contías asignadas a cada centro concretaranse na resolución desta convocatoria e logo de avaliación positiva da memoria preceptiva, de forma proporcional ás necesidades xustificadas en relación a mobiliario, actualización de fondos e equipamento audiovisual e informático.

2. Centros de nova incorporación: seleccionaranse 60 novos centros nesta convocatoria para o curso 2007/2008.

a) Distribuiranse un total de 200.000 €, con cargo á aplicación 09.02.423A.628.1, destinada á adquisición de fondos documentais, en distinto soporte; 119.000 €, con cargo á aplicación 09.02.423A.626.1, destinada á adquisición de equipamento audiovisual e informático; e 112.000 € para a renovación de mobiliario, con cargo á aplicación 09.02.423A.625.1 dos orzamentos desta consellería para o ano 2007.

b) Á hora de establecer as contías recolleranse dúas modalidades:

-Os centros seleccionados de menos 6 unidades poderán recibir ata un máximo de 5.000 €.

-Os centros de 6 ou máis unidades percibirán 5.000 € como asignación mínima.

c) Estas contías poderán incrementarse en función do baremo establecido pola comisión avaliadora segundo a adaptación do proxecto aos criterios desta orde e logo da análise das necesidades de cada centro.

d) Xunto coa asignación concedida a cada proxecto detallarase a porcentaxe que deberá ser destinada a sufragar gastos comprendidos nos seguintes conceptos:

-Adquisicións de fondos documentais en soporte impreso, audiovisual ou multimedia; subscricións a

publicacións periódicas con destino á biblioteca escolar; edición de materiais impresos para o alumnado ou as familias (guías da biblioteca, guías de lectura, diarios de lectura, materiais para a formación de usuarios...) sempre para actividades propostas pola biblioteca escolar. Deberán incluírse materiais destinados á atención da diversidade (libros e outros materiais destinados ao alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, necesidades educativas especiais, altas capacidades, alumnado inmigrante, etc.). Un mínimo do 50% dos fondos adquiridos deberán estar en lingua galega.

-Adquisición de mobiliario específico: expositores, andeis, mobiliario para os espazos de lectura informal, etc.

-Adquisición de equipamentos audiovisuais ou informáticos.

Terceiro.-Solicitudes e prazo de presentación.

1. Os centros do PLAMBE_1 (convocatoria 2005/2006), deberán cubrir o anexo VIII, indicando se desexan continuar ou non no programa, e as liñas prioritarias de actuación na biblioteca escolar, para o curso 2007/2008. A súa continuidade no Plan de mellora dependerá, en calquera caso, da valoración positiva da memoria correspondente a este curso 2006/2007.

2. Os centros do PLAMBE_2, que fosen integrados neste programa na convocatoria do curso 2006/2007, presentarán o impreso de solicitude, detallando o orzamento preciso para completar a renovación da biblioteca escolar na súa adaptación como centro de recursos da información. Incluirán tamén a documentación recollida nos anexos IV, V, VI e VII.

3. Os centros que opten á inclusión no Plan de mellora de bibliotecas escolares para o curso 2007/2008, presentarán as solicitudes, segundo o modelo de instancia que figura como anexo I a esta orde, que deberán vir acompañadas da seguinte documentación:

-Análise da situación da biblioteca do centro, segundo o anexo II.

-Breve memoria de actividades levadas a cabo no curso 2005/2006 e 2006/2007 dirixidas á posta en marcha ou reorganización e dinamización da biblioteca escolar, programas de fomento da lectura, de educación en información ou de difusión cultural, segundo o anexo III. (Máximo 5 páxinas, tamaño de fonte 12, a dobre espazo).

-Proxecto de biblioteca escolar para o curso 2007/2008, segundo o anexo IV. Recollerá actuacións detalladas por trimestre, facendo mención aos seguintes aspectos: organización e automatización dos fondos, fomento da lectura e cooperación á posta en marcha do proxecto lector de centro, formación de usuarios, educación en información, medidas de compensación das desigualdades sociais e dinamización cultural do centro. (Máximo 20 páxinas, tamaño de fonte 12, a dobre espazo; pódense incluír imaxes a parte).

-Certificacións da dirección do centro en relación coas previsións do profesorado responsable da biblioteca escolar e integrante do equipo de apoio, e documentación acreditativa da formación deste profesorado mediante copia dos certificados correspondentes, e/ou compromiso escrito de participar na formación específica que se oferte durante o curso 2007/2008 (anexo V).

-Certificacións da dirección do centro en que se faga constar a aprobación, polo claustro de profesores e polo consello escolar, dos compromisos necesarios para a participación nesta convocatoria, segundo os anexos VI e VII.

-Proxecto de distribución da axuda orzamentaria, de acordo co estipulado no punto segundo desta orde e resumido na instancia de solicitude.

4. As instancias e demais documentación presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou nos lugares e na forma previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro). Deberá incluírse un arquivo informático que conteña o proxecto. Simultaneamente, remitirase unha copia do documento de solicitude (anexo I), ao enderezo electrónico bibliotecasescolares@edu.xunta.es, indicando no asunto: Plan de mellora de bibliotecas escolares data de entrega e rexistro administrativo ou oficina de correos en que se ingresou a documentación.

Se a solicitude fose remitida por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación.

5. O prazo de presentación de instancias será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Presentada a solicitude, examínase para ver se reúne os requisitos exixidos e se se lle xunta a preceptiva documentación, requiríndose en caso contrario o solicitante para que, no prazo de dez días, emende e/ou complete os documentos e/ou datos que deben achegarse, advertíndolle que se así non o fixese, terase por desistido da súa petición e procederase ao seu arquivo logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá requirir do solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente, e tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polos peticionarios.

Calquera alteración que se produza nos datos contidos na solicitude ou na documentación que a acompañe será comunicada polo solicitante á citada dirección xeral.

Cuarto.-Requisitos.

Os centros solicitantes deberán reunir os requisitos seguintes:

-Contar cun espazo destinado exclusivamente á biblioteca escolar de centro.

-Presentar un proxecto de centro para o funcionamento e utilización da biblioteca escolar, acorde coas pautas recollidas nesta convocatoria, cunha xestión centralizada dos fondos documentais e unha organización que permita o seu aproveitamento por toda a comunidade escolar, con prioridade do alumnado e o profesorado.

-Designar un profesor ou profesora responsable da biblioteca escolar, preferentemente entre o profesorado definitivo no centro, por un período mínimo de dous anos e asignación de horas, dentro do seu horario lectivo, en número suficiente para as funcións propias, aproveitando as marxes que ofrece a actual configuración do réxime horario do profesorado. Este responsable integrárase na comisión de coordinación pedagóxica do centro.

-Crear un equipo de biblioteca ou grupo de apoio, de carácter interdisciplinar, formado por profesorado dos diferentes ciclos ou departamentos presentes no centro, con dispoñibilidade e dedicación específica para a realización das distintas tarefas derivadas do proxecto, que se recollerá na elaboración dos horarios do profesorado a comezo do curso escolar.

-Crear unha comisión de biblioteca no seo do consello escolar.

-Incluír o Proxecto de biblioteca no Proxecto educativo e na programación anual de centro.

-Integrar a biblioteca na elaboración e posta en práctica do Proxecto lector de centro.

-Asignar un orzamento anual específico para o funcionamento e actualización da biblioteca escolar, independente das asignacións a que puidese dar lugar a participación nesta convocatoria.

-Destinar a totalidade do financiamento conseguido ao abeiro desta convocatoria para a actualización e funcionamento da biblioteca escolar do centro.

-Participar na formación do profesorado que se ofrece en relación á biblioteca escolar.

-Contar coa aprobación do claustro de profesores e do consello escolar, así como o compromiso de ambos os dous órganos para facilitar a posta en práctica do proxecto.

Quinto.-Criterios de selección.

Para a selección dos centros participantes teranse en conta os seguintes aspectos:

-Calidade, coherencia e viabilidade do proxecto presentado (ata 21 puntos).

-Grao de adecuación do proxecto ás orientacións recollidas nesta convocatoria, segundo o anexo X, no que se desenvolven os obxectivos e funcións da biblioteca como centro de recursos que favoreza a lec-

tura, a autonomía na aprendizaxe, o estudo, o traballo colaborativo, a adquisición de habilidades no uso e tratamento da información, o acceso ás tecnoloxías da comunicación e da información e o achegamento dos bens culturais a toda a comunidade escolar (ata 45 puntos).

-Integración do proxecto nas actuacións destinadas á adquisición das competencias básicas e o cumprimento dos obxectivos recollidos no proxecto educativo e curricular do centro, así como o grao de participación da biblioteca no desenvolvemento do proxecto lector de centro (ata 9 puntos).

-Formación e dedicación horaria do responsable designado e do profesorado integrante do equipo de apoio (a formación acreditarase mediante copia dos certificados correspondentes) e/ou compromiso mediante escrito para o efecto, de participar na formación específica que se oferte durante o curso 2007/2008 (ata 18 puntos).

-Grao de implicación do equipo directivo e do profesorado do centro no seu conxunto (ata 9 puntos).

-Atención á biblioteca escolar por parte do centro nos dous anos anteriores en canto a orzamento, mellores, organización e actividades realizadas (ata 18 puntos).

-Servizos ofertados pola biblioteca e o seu uso por parte dos diversos sectores da comunidade escolar, e propostas de mellora na atención aos usuarios da biblioteca, con especial atención á diversidade (ata 24 puntos).

-Horario de apertura da biblioteca, adaptación ás necesidades da comunidade educativa, colaboración e integración no contorno sociocultural (ata 9 puntos).

-Criterios e procedementos para a avaliación do proxecto e indicadores de calidade do funcionamento do servizo (ata 12 puntos).

Sexto.-Comisión de valoración.

1. Baixo a presidencia da directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue, constituirase unha comisión integrada polos seguintes membros:

-O subdirector xeral de Centros.

-O subdirector xeral de Inspección Educativa, ou persoa en quen delegue.

-O xefe do Servizo de Xestión de Programas Educativos.

-Os/As asesores/as responsables da asesoría de bibliotecas escolares na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Os/as asesores/as de bibliotecas escolares dos centros de Formación e Recursos.

-Un/unha funcionario/a da Subdirección Xeral de Centros, que actuará como secretario/a, con voz e sen voto.

2. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaboración na valoración das solicitudes.

3. Os membros da comisión poderán percibir axudas de custo por asistencias e axudas para gastos de locomoción para concorrer ás sesións conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Sétimo.-Resolución.

1. A comisión de selección, unha vez estudadas as solicitudes presentadas, emitirá unha proposta provisional de resolución, que incluírá aqueles proxectos que mellor se adecuen ás bases da convocatoria, indicando as cantidades asignadas a cada centro, segundo se recolle no punto segundo desta orde.

Esta proposta provisional poderá consultarse no Portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no seguinte enderezo electrónico: <http://www.edu.xunta.es>, e nos taboleiros de anuncios da consellería e das súas delegacións provinciais.

2. A partir do día seguinte ao da publicación desta proposta abrirase un prazo de dez días naturais co fin de que se poidan presentar cantas alegacións se consideren oportunas. No mesmo prazo poderá renunciarse á participación no Plan de mellora. Unha vez revisadas as reclamacións a comisión elevará a proposta definitiva á conselleira para a resolución que proceda.

3. A resolución incluírá os novos centros seleccionados, así como as cantidades asignadas para o curso 2007/2008 aos centros procedentes de anteriores convocatorias que continúan no programa segundo o previsto na epígrafe primeira, punto 1º desta orde. Será ditada pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e publicárase no *Diario Oficial de Galicia* no prazo máximo de 6 meses contados desde a publicación desta convocatoria.

4. No suposto de que non recaese resolución expresa dentro do prazo máximo previsto, os solicitantes deberán entender desestimadas as súas solicitudes.

5. Os centros non seleccionados poderán recoller na Asesoría de Bibliotecas Escolares a documentación presentada en formato papel, nos dous meses posteriores á publicación da resolución da convocatoria no DOG; transcorrido o devandito prazo, conservaranse unicamente as versións informatizadas dos proxectos presentados que fosen remitidas no momento da solicitude.

Oitavo.-Pagamento, xustificación, memoria e avaliación.

1. As cantidades asignadas por este plan serán transferidas aos centros nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico de 2007.

2. Antes do 20 de xuño de 2008 os centros seleccionados deberán remitir á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa a xustificación económica

correspondente mediante certificación da aprobación polo Consello Escolar, segundo o anexo I.

3. Así mesmo, a persoa responsable da biblioteca escolar, co visto e prace da dirección do centro, elaborará unha memoria das realizacións levadas a cabo para o desenvolvemento do proxecto, que se enviará no prazo arriba indicado e se incluírá, ademais, na memoria final do curso que se remite á Inspección.

Esta memoria pedagóxica deberá recoller o grao de cumprimento dos obxectivos propostos, o horario real asignado á persoa responsable e ao equipo da biblioteca, as actividades desenvolvidas, o grao de implicación do centro e da comunidade educativa, as actividades de formación do ámbito da biblioteca escolar en que participou o profesorado, a produción de materiais, se os houbese, a avaliación realizada e as previsións de futuro.

A non-entrega da memoria e/ou da xustificación do gasto no prazo sinalado poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas, debendo proceder o centro ao reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan exixir.

4. Tanto a inspección educativa como as persoas asesoras de bibliotecas escolares dos centros de formación e recursos e os responsables de Bibliotecas Escolares da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderán supervisar e avaliar o desenvolvemento do plan.

5. O incumprimento total ou parcial dos proxectos ou das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión, poderá dar lugar á anulación ou modificación da contía do importe concedido.

Disposicións derradeiras.

Primeira.-Facúltase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde poderá ser recorrida mediante recurso potestativo de reposición perante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ser impugnada directamente, mediante recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria



PROCEDIMIENTO <i>PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES EN CENTROS PÚBLICOS DE TITULARIDADE DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</i>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <i>ED516A</i>	DOCUMENTO <i>SOLICITUDE</i>
--	--	---

NOME DO CENTRO		CÓDIGO	Nº DE ALUMNOS/AS	Nº DE UNIDADES
ENDEREZO				
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	

Don/Dona , como director/a do centro,
solicita a participación na convocatoria do Plan de mellora de bibliotecas escolares, convocado pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación
Educativa, para o curso 2007/2008, segundo resolución do _____ por reunir os requisitos exixidos na convocatoria (DOG _____).

☐ - CENTRO INCORPORADO AO PLAN DE MELLORA NO CURSO 06/07 <i>(sinalar cun X)</i>	
☐ - CENTRO DE NOVA INCORPORACIÓN	
FONDOS DOCUMENTAIS	
- ADQUISICIÓN DE FONDOS DOCUMENTAIS EN SOPORTE IMPRESO, AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA (UN MÍNIMO DO 50% DESTES MATERIAIS ESTARÁ EN LINGUA GALEGA)	
- SUBSCRICIÓN A PUBLICACIÓN PERIÓDICAS CON DESTINO Á BIBLIOTECA ESCOLAR	
- EDICIÓN DE MATERIAIS IMPRESOS PARA O FOMENTO DA LECTURA, FORMACIÓN DE USUARIOS, EDUCACIÓN DOCUMENTAL E DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA	
MOBILIARIO ESPECÍFICO PARA A BIBLIOTECA ESCOLAR	
EQUIPAMENTOS AUDIOVISUAIS E INFORMÁTICOS	
ORZAMENTO TOTAL	

☐	ANÁLISE DA SITUACIÓN DA BIBLIOTECA DO CENTRO (ANEXO II)
☐	MEMORIA DE ACTIVIDADES DOS DOUS ÚLTIMOS CURSOS EN RELACIÓN Á REORGANIZACIÓN E DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR OU FOMENTO DA LECTURA (ANEXO III)
☐	PROXECTO DE BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2007-2008 (ANEXO IV)
☐	RELACIÓN DE PROFESORADO RESPONSABLE DA BIBLIOTECA ESCOLAR (ANEXO V)
☐	CERTIFICACIÓNS DE APROBACIÓN DA SOLICITUDE POR PARTE DO CLAUSTRO E DO CONSELLO ESCOLAR (ANEXOS VI - VII)
☐	CERTIFICADOS ACREDITATIVOS DAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO QUE SE RESPONSABILIZA DA POSTA EN MARCHA DO PROXECTO

LEXISLACIÓN APLICABLE	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE
<i>Orde do 7 de maio de 2007 pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para o curso 2007/2008.</i> EL/LA DIRECTOR/A _____, de de		DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____

ANEXO II

DATOS DA BIBLIOTECA ESCOLAR

1. Infraestrutura e equipamento*Aspecto***SI****NON**

Espazo exclusivo para uso da biblioteca escolar

☐☐Superficie (m²) Accesibilidade para persoas con discapacidade☐☐

Existen espazos habilitados para lectura informal, grupos, sección audiovisual, informática

☐☐

Mobiliario e equipamento axeitado e suficiente

☐☐**2. Fondos documentais***Tipoloxía e organización*Libros informativos axeitados aos usuarios do centro (porcentaxe sobre o total:)☐☐Libros de ficción, literatura infantil e xuvenil, clásicos (porcentaxe sobre o total:)☐☐Nº total de volumes rexistrados na biblioteca:

Cintas de vídeo

☐☐

CD-ROM/DVD

☐☐

Discos/CD audio

☐☐

Diapositivas e outros medios audiovisuais

☐☐

Subscricións de carácter periódico:

Revistas para o profesorado

☐☐

Publicacións de carácter divulgativo e de lecer axeitadas ao alumnado

☐☐

Están cubertas as necesidades de todas as áreas curriculares

☐☐

Documentos para o tratamento dos contidos transversais, materias optativas

☐☐

Materiais axeitados para o alumnado con necesidades específicas

☐☐

Existe un sistema de clasificación dos fondos:

CDU

☐☐Outros (especificar) ☐☐

O rexistro dos fondos está informatizado

☐☐Programa de xestión (especificar) Conexión á internet (indicar nº de postos)☐☐

O préstamo está automatizado

☐☐

Realizouse unha expurgación nos últimos tres anos

☐☐

Os fondos están ben conservados

☐☐

Os fondos están actualizados

☐☐

Os fondos son axeitados para os usuarios do centro

☐☐

Todos os fondos están xestionados desde a biblioteca escolar e centralizados nela

☐☐

Rexístranse fondos radicados, localizados noutros espazos (bibliotecas de aula, departamentos)

☐☐**3. Financiamento**

Cantidades asignadas ao funcionamento da biblioteca escolar

Ano 2005 Ano 2006

A biblioteca recibe axudas da asociación de nais e pais ou outros

☐☐**4. Funcionamento***Aspecto*

A biblioteca recolle, xestiona, organiza e facilita os fondos informativos do centro

☐☐

Existe unha persoa responsable da biblioteca escolar

☐☐

Funciona un equipo estable de apoio á biblioteca escolar

☐☐

Existen normas de funcionamento da biblioteca

☐☐

A biblioteca publica boletíns informativos, recomendacións de lectura

☐☐

Realízanse exposicións de novidades, temáticas

☐☐

Prográmanse actividades de fomento da lectura

☐☐

Realízanse actividades de formación de usuarios, educación no uso da información

☐☐

Existe un programa de dinamización da biblioteca e os seus diversos usos

☐☐

A biblioteca está aberta e atendida no período lectivo

☐☐

A biblioteca está aberta á comunidade en período extraescolar

☐☐

O profesorado utiliza a biblioteca como espazo para a aprendizaxe

☐☐

Á hora de seleccionar os fondos, consúltase os diversos ciclos ou departamentos

☐☐

ANEXO III

Memoria de actividades levadas a cabo no centro en relación á organización da biblioteca escolar e ao fomento da lectura.

Breve descrición (máximo dúas páx.) das actuacións neste ámbito nos dous cursos anteriores a esta solicitude, detallando, se fose o caso, os seguintes aspectos:

-Intervencións en relación ao espazo físico da biblioteca escolar, equipamento, recursos, fondos...

-Actuacións para a centralización dos fondos documentais existentes no centro, organización, rexistro, catalogación e automatización. Programa informático empregado.

-Criterios e forma de realizar o préstamo.

-Orzamento anual específico para a biblioteca.

-Horario de apertura da biblioteca.

-Organización do profesorado para a súa atención.

-Publicación de boletíns, guías de lectura, bitácoras ou páxinas web da biblioteca, etc.

-Actividades relacionadas co fomento da lectura.

-Actividades relacionadas coa formación dos usuarios.

-Actuacións, desde a biblioteca, destinadas á compensación das desigualdades socioculturais, ou atención á diversidade.

-Presenza da biblioteca escolar nos documentos organizativos e nas prácticas pedagóxicas do centro.

-Incidencia das intervencións realizadas no conxunto da comunidade educativa.

ANEXO IV

Proxecto de biblioteca escolar-curso 2007/2008

Deberá incluír, nun máximo de 20 páx., os seguintes puntos:

1. Título do proxecto.

2. Xustificación.

3. Análise da situación de partida da biblioteca e o seu contexto.

4. Análise das necesidades de renovación e actualización dos fondos documentais.

5. Obxectivos.

6. Tipo de organización e funcionamento.

7. Actuacións por trimestres.

a) Xestión técnica e organización.

b) Dinamización.

-Formación de usuarios.

-Educación para o acceso á información (educación documental).

-Proxecto lector de centro. Fomento da lectura.

-Apoio ao estudo ou outras actividades desde a biblioteca para a compensación das desigualdades sociais.

-Outros.

8. Horario previsto.

9. Criterios e procedementos de avaliación.

PROFESORADO RESPONSABLE DA BIBLIOTECA ESCOLAR

NOME E APELIDOS			
SITUACIÓN ADMINISTRATIVA			
HORAS SEMANAIS DE ATENCIÓN Á BIBLIOTECA ESCOLAR, NO CURSO 2007/2008			
ACTIVIDADES DE FORMACIÓN ESPECÍFICAS SOBRE BIBLIOTECA ESCOLAR OU FOMENTO DA LECTURA			
TÍTULO DA ACTIVIDADE	LUGAR	ANO	Nº HORAS

NOME E APELIDOS		TIPO DESTINO	CICLO/DEPARTAMENTO
1.-			
2.-			
3.-			
4.-			
5.-			
6.-			
7.-			
8.-			
9.-			
TOTAL DE HORAS SEMANAIS DEDICADAS A BIBLIOTECA POLO EQUIPO DE APOIO		O EQUIPO CONSTITÚESE COMO GRUPO DE TRABALLO INTERNO (EQUIPO DE BIBLIOTECA)	
		☐ SI ☐ NON	
O EQUIPO DE APOIO CONSTITUIRASE COMO GRUPO DE TRABALLO, SEMINARIO, ...		O CENTRO DISPÓN DE PERSOAL AUXILIAR DEDICADO AOS LABORES DA BIBLIOTECA	
☐ SI ☐ NON		☐ SI ☐ NON	
Nº DE PROFESORES DO EQUIPO CON FORMACIÓN ESPECÍFICA EN BIBLIOTECA ESCOLAR OU ANIMACIÓN A LECTURA (CURSO, G.T., PFAC...)			

[illegible]

ANEXO VI

CERTIFICADO DE APROBACIÓN NO CLAUSTRO DO PROXECTO DE BIBLIOTECA ESCOLAR

Don/Dona

secretario/a do claustro do centro

CERTIFICA que en sesión de claustro deste centro, celebrada o día de 2007, foi presentado o Proxecto de

Biblioteca Escolar, elaborado por profesores/as deste, sendo asumido por este claustro, co compromiso de incluílo na Programación Anual de Centro e de colaborar en cantas actuacións se deriven da súa posta en marcha. Así mesmo, acordouse a presentación de solicitude de participación, co devandito proxecto, no Plan de mellora de bibliotecas escolares para o curso 2007/2008, convocado pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación.

O que asina, co visto e praxe da dirección do centro, para os efectos oportunos.

, de de

O/A SECRETARIO/A

Visto e praxe
O/A DIRECTOR/A

Asdo.:

ANEXO VII

CERTIFICADO DE APROBACIÓN EN CONSELLO ESCOLAR PROXECTO DE BIBLIOTECA ESCOLAR

Don/Dona

secretario/a do Consello Escolar do centro

CERTIFICA que en sesión de Consello Escolar deste centro, realizada o día de 2007, se tomaron os seguintes

acordos:

Aprobar o Proxecto de Biblioteca Escolar do centro, coa previsión de incluílo na Programación Anual correspondente ao curso 2007/2008, colaborar en cantas actuacións se deriven da súa posta en marcha e presentar solicitude de participación no Plan de mellora de bibliotecas escolares para o curso 2007/2008, convocado pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación.

O que asina, co visto e praxe da dirección do centro, para os efectos oportunos.

, de de

O/A SECRETARIO/A

Visto e praxe
O/A DIRECTOR/A

Asdo.:

ANEXO VIII

PROCEDEMENTO PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES EN CENTROS PÚBLICOS DE TITULARIDADE DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA CENTROS DO PLAMBE_1 INCORPORADOS AO PROGRAMA NA 1ª CONVOCATORIA (05/06)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED516A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME DO CENTRO 		CÓDIGO 	Nº DE ALUMNOS/AS 	Nº DE UNIDADES
ENDEREZO 				
CONCELLO 	CÓDIGO POSTAL 	TELÉFONO 	CORREO ELECTRÓNICO 	

Don/Dona , como director/a do centro, certifica que, segundo acordo do Consello Escolar do día , o centro (si/non) desexa continuar no programa denominado Plan de mellora de bibliotecas escolares, nos termos que se recollen na convocatoria da Consellería de Educación para o curso 2007/2008, Orde do (DOG). Para tal efecto, tomaranse as medidas organizativas oportunas para que este recurso educativo teña unha presenza consolidada no centro.

, de de

Asdo.: O/A director/a do centro

PRINCIPAIS ACTUACIÓNS NA BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2007/2008
(Máximo dúas páxs., detallando estas liñas de actuación)

- En relación á organización e xestión. - En relación á dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, á súa integración no tratamento do currículo e á súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado. - En relación á formación de usuarios e educación para o acceso á información (educación documental). - En relación ao fomento da lectura e ao desenvolvemento do proxecto lector de centro. - Outras actuacións. - Criterios e procedementos de avaliación.

ANEXO IX

XUSTIFICACIÓN DO GASTO

PROCEDEMENTO PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES EN CENTROS PÚBLICOS DE TITULARIDADE DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED516A	DOCUMENTO XUSTIFICACIÓN
--	---	-----------------------------------

NOME DO CENTRO EDUCATIVO		CÓDIGO DO CENTRO	
ENDEREZO			
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	Nº DE ALUMNOS/AS
			Nº DE UNIDADES

Tipo de centro ☐ Centro incorporado ao programa no curso 2006/2007 ☐ Centro incorporado ao programa no curso 2007/2008	
Cantidade total asignada	
- Total gasto en fondos documentais - Fondos documentais impresos, audiovisuais, multimedia - Subscricións a publicacións periódicas - Edición de materiais para o fomento da lectura, formación de usuarios, educación documental e dinamización da biblioteca - Mobiliario específico para a biblioteca escolar - Equipamentos audiovisuais e informáticos	

Don/Dona		en calidade de presidente/a
do Consello Escolar do centro, CERTIFICA:		
Que as cantidades arriba indicadas foron investidas na súa totalidade en actividades xeradas pola biblioteca escolar e en materiais e fondos documentais xestionados de forma centralizada polos responsables desta, tal e como se recolle na convocatoria do Plan de mellora de bibliotecas escolares, quedando arquivadas no centro as facturas correspondentes, á disposición dos órganos de fiscalización e control.		
_____, de _____ de _____		
O/A presidente/a do Consello Escolar		
Asdo.:		

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 7 de maio de 2007 pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para o curso 2007/2008.</i>	(Para cubrir pola Administración) <table border="1"> <tr> <td>RECIBIDO</td> <td rowspan="2"> NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____ </td> </tr> <tr> <td>REVISADO E CONFORME</td> </tr> </table>	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____	REVISADO E CONFORME
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____			
REVISADO E CONFORME				

ANEXO X

Orientacións

1. Modelo de biblioteca escolar.

A biblioteca escolar, concibida como espazo educativo ao servizo dos procesos de ensino e aprendizaxe, é un centro de recursos da información que pon a disposición da comunidade educativa os fondos documentais existentes no centro, en soporte impreso, audiovisual, multimedia ou electrónico.

Na biblioteca centralízase todo o material informativo que pode empregarse para os traballos escolares e para o tratamento e fomento da lectura (libros, revistas, xornais, discos, vídeos, discos DVD, disco CD-ROM, mapas, fotografías, diapositivas, materiais de produción propia...). A biblioteca acolle, organiza, facilita e difunde, entre os diversos sectores da comunidade escolar, os fondos existentes, para un uso eficaz destes. Presta diversos servizos (lectura en sala, préstamo, información, formación de usuarios, orientacións e materiais para a educación documental, actividades de fomento da lectura, acceso a internet...).

Para unha axeitada xestión e organización dos materiais, cómpre seguir criterios estandarizados no ámbito bibliotecario, simplificando o sistema de clasificación e adaptándoo ao contexto escolar. A Asesoría de Bibliotecas Escolares publicou no Portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria diversos materiais de apoio neste sentido (adaptación da CDU para bibliotecas escolares galegas, orientacións, etc.). A Consellería de Cultura e Deporte facilita aos centros que llo soliciten o programa Meiga para a informatización da biblioteca escolar.

O equipo de biblioteca elaborará un plan de adquisicións acollendo as suxestións e necesidades dos diversos ciclos ou departamentos do centro, establecendo prioridades en función dunha actualización equilibrada dos fondos. A este respecto, cómpre consultar as orientacións contidas na Guía para a selección de materiais para as bibliotecas escolares de Infantil e Primaria, que está a disposición do profesorado interesado no portal educativo (sección Bibliotecas Escolares) e no enderezo <http://www.edu.xunta.es/biblioteca>.

É recomendable que todos os recursos documentais do centro (agás os de carácter administrativo) sexan xestionados pola biblioteca central, evitando a dispersión destes por aulas, ciclos, departamentos, seminarios e outros lugares, o que dificulta o coñecemento dos fondos existentes e a súa accesibilidade. Isto non quita que a biblioteca realice préstamos temporais en función das necesidades do profesorado, na súa práctica pedagóxica, e do alumnado.

O criterio para a colocación dos fondos terá en conta a accesibilidade a eles por parte dos usuarios. Os andeis serán preferentemente abertos, sen pechos nin barreiras innecesarias. Os armarios pechados non facilitan o acceso directo promovido no ámbito biblio-

tecario; tampouco favorecen actitudes responsables nin autonomía no uso dos bens comúns.

A existencia dunha biblioteca escolar, organizada e dinamizada, facilita:

- Apoio aos procesos de ensino e aprendizaxe.
- Aprendizaxe autónoma.
- Achegamento aos distintos soportes documentais.
- Educación no acceso á información: educación documental.
- Integración das tecnoloxías da comunicación e da información na recollida e tratamento dela, e na selección de lecturas.
- Creación e consolidación do hábito lector.
- Tratamento da lectura comprensiva en todas as áreas curriculares.
- Acceso igualitario aos recursos culturais.
- Educación nunha vivencia saudable do tempo de lecer.
- Apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais.

O horario de funcionamento da biblioteca deberá ser o máis amplo posible, segundo a dispoñibilidade horaria do profesorado; en calquera caso procurarase que estea aberta a totalidade do tempo lectivo. Para a súa apertura no horario extraescolar poderá contarse con persoal auxiliar, en colaboración con outras institucións como a asociación de pais e nais, o concello ou outras, baixo a indispensable coordinación, sempre, do responsable designado pola dirección; logo do acordo escrito e con coñecemento das autoridades educativas.

Os equipos directivos dos centros, atendendo á normativa vixente, considerarán o funcionamento da biblioteca escolar como unha das necesidades organizativas do centro e, en consecuencia, terán en conta esta circunstancia á hora da distribución horaria de comezo de curso.

2. Educación en información. Fomento da lectura.

No deseño de programas de dinamización da biblioteca escolar, cómpre ter en conta dous tipos de actividades: aquelas dirixidas á formación de usuarios da biblioteca e á adquisición de habilidades e procedementos para o acceso á información e o seu tratamento (o que se coñece como educación documental ou alfabetización informacional e que constitúe un dos obxectivos básicos da biblioteca escolar) e aquelas que se engloban no concepto de fomento da lectura: narracións, lectura individual, lecturas compartidas, presentacións de libros, encontros con autores ou ilustradores, libro-fórum, xogos de animación, talleres de escritura creativa... Cómpre considerar a lectura nun sentido amplo: a lectura para aprender, para facer un resumo, para buscar un dato, para resolver un problema, para elaborar un traballo, pero tamén a lectura prazenteira, a que realizada en soida-

de ou en compañía ten como único obxectivo o gozo do texto literario.

A biblioteca escolar ten un papel preponderante á hora de deseñar o Proxecto lector de centro, documento que, segundo o recollido na normativa curricular, articulará todas as intervencións que o centro vai levar a cabo en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, e que se plasmará en plans anuais de lectura.

3. Responsable da biblioteca escolar.

O funcionamento eficaz da biblioteca escolar supón unha axuda fundamental para o labor de todo o profesorado, sendo necesaria a colaboración de todos e todas para a súa existencia. Porén, resulta imprescindible a presenza dunha persoa responsable deste recurso do centro. O responsable da biblioteca escolar debe ser designado pola Dirección, garantindo no posible a estabilidade e o bo funcionamento deste servizo. Para iso, terase en conta o interese, a idoneidade, a formación ou a experiencia neste ámbito, así como a dispoñibilidade horaria do profesorado.

As funcións do responsable da biblioteca escolar son:

- Elaborar a programación anual de biblioteca escolar, atendendo aos proxectos curriculares do centro e unha memoria final.

- Colaborar no deseño e posta en práctica do Proxecto lector de centro, coordinándoo, de ser o caso.

- Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).

- Informar o claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.

- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.

- Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.

- Asesorar o profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos e a dinamización cultural do centro.

- Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.

4. Equipo de apoio.

Estará formado por profesoras e profesores dos diferentes ciclos ou departamentos existentes no centro, que traballarán en coordinación co responsable da biblioteca para a consecución dos obxectivos previstos e a posta en marcha das actividades organizadas. A xefatura de estudos, aproveitando as marxes horarias do cadro de profesorado, preverá as necesidades da biblioteca escolar á hora de elaborar os seus horarios, nos cales quedará recollida a súa participación neste servizo.

As funcións dos integrantes do equipo de biblioteca son:

- Apoiar o responsable da biblioteca na súa organización e dinamización.

- Recompilar informacións, materiais e recursos necesarios para o bo funcionamento do servizo, co fin de facilitarllelos aos usuarios da biblioteca escolar.

- Cooperar no deseño, organización e posta en marcha das actividades programadas.

- Establecer criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca.

- Recoller propostas e suxestións do profesorado e o alumnado co fin de mellorar as intervencións e colaborar ao desenvolvemento da competencia lectora, o hábito lector e as habilidades de traballo intelectual.

5. Comisión de Biblioteca no Consello Escolar.

A creación dunha Comisión de biblioteca no seo do Consello Escolar resulta de grande interese para a sensibilización de todos os membros da comunidade escolar respecto da necesidade deste servizo, procurando atención e estabilidade a este, así como a necesaria colaboración coa biblioteca pública de referencia. (Inclúese como requisito para a participación na convocatoria do Plan de mellora).

A Comisión de biblioteca podería ter a seguinte composición: por parte do Consello Escolar: un profesor/a, un pai/nai, un representante do concello, un representante da Dirección; por parte da Asociación de Nais e Pais, un representante; por parte da biblioteca pública máis próxima, o responsable; o responsable da biblioteca escolar, quen actuará como secretario/a. A comisión reunirse unha vez ao trimestre, presidida pola xefatura de estudos ou o/a director/a.

As funcións desta Comisión de Biblioteca serían:

- Analizar as necesidades da biblioteca escolar referidas a infraestrutura, equipamento, mantemento e atención en horario lectivo e en horario extraescolar.

- Realizar propostas ao Consello Escolar para as melloras necesarias.

- Xestionar a apertura da biblioteca en horario extraescolar, procurando as necesarias colaboracións e garantindo que todas as intervencións se realizarán seguindo os criterios establecidos polo equipo de apoio e o responsable da biblioteca escolar.

- Propor estratexias de colaboración entre a biblioteca escolar e a biblioteca pública máis próxima.

- Promover actividades de sensibilización e dinamización cultural entre toda a comunidade escolar.

- Realizar propostas para a adquisición de fondos e equipamento, co correspondente proxecto orzamentario, que se remitirán ao Consello Escolar.

- Realizar xestións cos sectores culturais, educativos, sociais e económicos do contorno do centro educativo que poidan colaborar coa biblioteca escolar e os seus obxectivos.